

## INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

### a) EPAPU Albeiros

#### Situación e localización

A denominación oficial é EPAPU Albeiros. Trátase dun centro de titularidade pública dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia. Desde o ano 2002 está situado no Parque da Milagrosa (Concello de Lugo).

#### Centros adscritos

Polas nosas especiais características, non temos centros adscritos.

#### Ensinanzas que oferta

##### Educación Secundaria de Adultos

Modalidade semipresencial:

- 1º, 2º, 3º, 4º ESA: a distribución é a seguinte: un grupo de 1º e 2º en cada cuadrimestre; dous grupos de 3º e 4º en cada cuadrimestre en horario de mañá e outros dous de 3º e 4º en horario de tarde.

Modalidade Presencial:

- 1º ESA: un grupo en horario matinal no primeiro cuadrimestre.
- 2º ESA: un grupo en horario matinal no segundo cuadrimestre.
- 3º ESA: dous grupos, un en horario matinal e outro en horario de tarde, no primeiro cuadrimestre.
- 4º ESA: un grupo en horario matinal no primeiro cuadrimestre e tres grupos, dous en horario matinal e outro en horario de tarde, no segundo cuadrimestre .

##### Bacharelato

- 1º Bacharelato: dous grupos (Ciencias, e Humanidades e Ciencias Sociais)
- 2º Bacharelato: dous grupos (Ciencias, e Humanidades e Ciencias Sociais)

##### Ensinanzas Básicas Iniciais

- Nivel I: un grupo
- Nivel II: un grupo
- Español e Galego para inmigrantes: catro grupos, dous en horario matutino, outro en horario de tarde e outro en horario nocturno.

##### Aula Mentor

#### Características singulares

O noso centro é o único na cidade, e mesmo na provincia, destinado en exclusiva ao ensino de persoas adultas. Isto provoca que, malia a estarmos situados nunha zona en concreto da cidade, o contorno non é un elemento relevante e o noso alumnado procede de toda a cidade e de vilas máis ou menos próximas.

Existe gran disparidade no nivel socioeconómico e cultural do noso alumnado. As motivacións máis frecuentes para decidiren iniciar ou retomar os seus estudos son as seguintes:

- No caso do alumnado de Ensinanzas Básicas Iniciais a motivación máis frecuente é acceder a unha formación básica da que, por un ou outro motivo, se viron privados durante a súa

nenez e adolescencia. A media de idade destes homes e mulleres é alta e, en xeral, non proseguen os seus estudos.

- Os alumnos e alumnas matriculados en Español e Galego para Inmigrantes teñen como finalidade acadar competencia lingüística en castelán e, en menor medida, en lingua galega. En liñas xerais, o seu nivel cultural é baixo dado que moitos deles carecen de estudos tamén no seu país de orixe, inda que hai excepcións.
- O alumnado matriculado en Ensinanza Secundaria Obrigatoria presenta dous perfís e motivacións moi diferentes. Por unha banda, están os rapaces e rapazas que proceden do sistema ordinario e se matriculan para acadar a titulación de Ensinanza Secundaria Obrigatoria coa finalidade de acceder a un ciclo formativo de grao medio. Por outra banda, están as persoas adultas que deciden continuar os seus estudos, ben para promocionar no seu traballo, ben para acadalo, ben para poderen realizar un ciclo formativo ou simplemente para mellorar o seu nivel cultural.
- O alumnado matriculado en Bacharelato ten dúas motivacións principais, ben acceder a un ciclo formativo superior, ben acadaren a titulación necesaria para presentarse a algún proceso selectivo de emprego convocado pola administración. Unha porcentaxe moi escasa preséntase ás ABAU e continúa estudos universitarios.

A peculiaridade máis notable do centro desde o punto de vista organizativo e pedagóxico, no relativo ás ensinanzas de bacharelato, é que se trata dun ensino semipresencial, cunha única sesión lectiva semanal por materia. Isto condiciona tanto a metodoloxía didáctica coma os instrumentos de avaliación.

Outra notable peculiaridade do noso alumnado é que realmente, máis que estar matriculado dun curso completo, o está de materias, combinando en moitos casos os dous cursos de bacharelato.

## **Lingua materna dominante**

Resulta difícil precisar este aspecto dun xeito rigoroso no centro, dada a irregularidade da asistencia ó mesmo e os cambios na matrícula entre o primeiro e o segundo cuatrimestre. É por iso que, da mostra enquisada nos cursos de ESA e Bacharelato, podemos extraer as seguintes conclusións:

- A perda progresiva do uso do galego a favor do castelán no referente ó uso habitual.
- A diminución do galego tamén no eido familiar, corroborándose a diminución do uso do galego a medida que o interlocutor é máis novo.
- Un uso ambivalente das dúas linguas na relación cos compañeiros de estudos ou traballo, co predominio do castelán nas relacións sociais con descoñecidos.
- A disparidade na valoración do galego desde o punto de vista xeracional.
- O elevado número que non contesta cando é requirido sobre as razóns polas que non utiliza o galego, o que foi interpretado como síntoma das dificultades para exteriorizar os prexuízos.
- A valoración da idoneidade do galego como vehículo comunicativo e a non desvaloración con respecto á aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Debemos destacar que nos últimos anos se detecta un incremento dos non galegos, tanto procedentes doutras autonomías españolas como estranxeiros.

## **Problemas sociais destacados**

Unha das características do ensino de adultos, como ocorre no resto das ensinanzas especiais, é o elevado abandono escolar ou, cando mesmo, a adaptación do alumnado a moi diferentes ritmos de aprendizaxe. É por isto polo que si detectamos un importante abandono

escolar, motivado de seguro polas necesidades destes homes e mulleres de atender a obrigas familiares e laborais, e tamén unha secuenciación dos estudos de bacharelato e secundaria en varios cursos académicos.

O número de poboación inmigrante no centro é moi elevado. Este alumnado está matriculado basicamente nos niveis de EBI e Español e Galego para Inmigrantes, pero tamén se detecta unha porcentaxe importante nos niveis inferiores de ESA, nomeadamente no Nivel I e II. Moitos destes/as alumnos/as non dispoñen de estudos no seu país de orixe; noutros casos, malia a térenos, prefiren cursalos no centro no canto de enfrontarse ao complicado proceso de homologación de estudos.

Nos niveis de bacharelato a porcentaxe de alumnado inmigrante é moito máis baixa, pero si detectamos bastantes casos de alumnos/as de orixe estranxeira, procedentes do sistema ordinario, que deciden retomar os seus estudos.

Os casos de violencia ou acoso escolar non son, ata o momento, significativos no noso centro.

## **PROGRAMACIÓN BACHARELATO LINGUA ESTRANXEIRA PORTUGUÉS**

### **1º DE BACHARELATO**

Este é o segundo ano que impartimos Lingua Portuguesa como primeira lingua en 1º de Bacharelato. O dominio de linguas estranxeiras, que nos posibilita comprender mellor a nosa propia lingua, implica a posibilidade de acceder a outras culturas, ao tempo que fomenta as relacións interprofesionais e o respecto por outros países, falantes e culturas. O proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua portuguesa contribuirá, ademais, á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade.

A aprendizaxe de Portugués como primeira lingua estranxeira no bacharelato é moi importante para o alumnado galego porque lle permite un achegamento doado a outra lingua moi próxima á galega tanto desde o punto de vista xeográfico como lingüístico. Dunha banda, supón a prolongación e consolidación do coñecido e, doutra, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses académicos e profesionais que guiarán o futuro laboral do alumno ou alumna. Vivimos unha época na que se valoran moito os coñecementos e dominio de linguas estranxeiras, porque axudan de cara a unha máis fácil mobilidade a nivel profesional.

Este ano, hai alumnado de primeiro de bacharelato que escolle portugués como primeira lingua sen cursalo nunca antes. Desta maneira os estándares descritos para este curso van ser imposibles de acadar durante o ano académico, porque esta materia só conta cunha hora á semana e é preciso comezar desde cero.

#### **▪ Obxectivos.**

##### **○ Contribución da materia aos obxectivos xerais do Bacharelato.**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do

Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia.

- **Obxectivos específicos da materia.**

a) Utilizar a lingua portuguesa de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección.

b) Comprender e interpretar textos orais e escritos emitidos nas distintas situacións de comunicación.

c) Ler con fluidez textos de temática xeral ou adecuados aos intereses dos alumnos, comprender os elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva.

d) Reflexionar sobre o funcionamento da lingua portuguesa na comunicación, co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas.

e) Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe, utilizando recursos autónomos, baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de coñecer o estado da aprendizaxe e de continuar no futuro co estudo desta lingua.

f) Reflexionar sobre o funcionamento das linguas, establecendo paralelismos e contrastes entre as linguas coñecidas e o portugués.

g) Apreciar o valor da lingua portuguesa como medio para acceder a outros coñecementos e a outras culturas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural da lingua portuguesa, co fin de acadar unha mellor comunicación e unha mellor interpretación das diferentes culturas.

i) Reflexionar sobre os parecidos e as diferencias entre as diversas culturas e desenvolver o respecto por elas, na procura dunha maior tolerancia entre os pobos.

▪ **Contidos e temporalización das unidades didácticas.**

A presente programación atende á Orde do 25 de xuño de 2020 de calendario escolar e á Resolución do 1 de setembro de 2020 de incorporación gradual dos discentes. A temporalización farase por semanas lectivas. O total de sesións lectivas de cada trimestre é variable de 11 sesións a 7 nos diferentes niveis de bacharelato. É necesario referir que o modelo semipresencial exixirá sempre unha maior carga de traballos para casa e maior disciplina dos discentes na súa autoaprendizaxe que os modelos convencionais dos IES.

**Primeiro trimestre**

**Temporalización: Son 11 sesións, sendo 5 sesións para cada unidade didáctica. A sesión restante será utilizada para facer unha revisión dos contidos máis importantes vistos no trimestre.**

**UNIDADE 1: Que línguas fala?**

<b>Obxectivos comunicativos</b>	<b>Competencia gramatical</b>	<b>Competencia lexical</b>	<b>Competencias fonolóxica e ortográfica</b>	<b>Competencia sociocultural</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentarse.</li> <li>• Intercambiar información persoal.</li> <li>• Pedir axuda para comunicar.</li> <li>• Falar sobre horarios e actividades na sala de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Artigos determinados.</li> <li>• Pronomes (suxeito).</li> <li>• Presente de indicativo: regulares; ser e ter.</li> <li>• Interrogativos.</li> <li>• Xénero do nome.</li> <li>• De, em, a + artigos</li> <li>• Adxectivos: nacionalidades.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Línguas, nacionalidades e países.</li> <li>• Números (0-50).</li> <li>• Na sala de aula.</li> <li>• Horas e días da semana.</li> <li>• Cores.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alfabeto.</li> <li>• Consoantes: casos especiais.</li> <li>• Signos de puntuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• O portugués no mundo.</li> </ul>

**UNIDADE 2: Prazer em conhecê-lo.**

<b>Obxectivos comunicativos</b>	<b>Competencia gramatical</b>	<b>Competencia lexical</b>	<b>Competencias fonolóxica e ortográfica</b>	<b>Competencia sociocultural</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Cumprimentar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presente de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descricións</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sílabas tónicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formas de</li> </ul>

- |  |                                |                         |   |                       |
|--|--------------------------------|-------------------------|---|-----------------------|
| e replicar.                              | indicativo: dar, estar e ir.   | físicas e psicolóxicas. |   | tratamento.           |
| • Describir persoas.                     | • Estar + a + infinitivo.      | • Familia.              | • Acentuación gráfica: palabras esdrúxulas. | • Días conmemorativos |
| • Falar da familia, amigos e colegas.    | • Adxectivos: xénero e número. | • Traballo.             |   | • Fórmulas sociais.   |
| • Expresar posesión.                     | • Posesivos.                   | • Relacións persoais.   |   |                       |
| • Comprender mensaxes curtas e persoais. |                                | • Meses.                |   |                       |
| • Facer presentacións.                   |                                |                         |   |                       |
| • Despedirse.                            |                                |                         |   |                       |

## Segundo trimestre

**Temporalización: Son 9 sesións, sendo 4 sesións para cada unidade didáctica. A sesión restante será utilizada para facer unha revisión dos contidos máis importantes vistos no trimestre.**

### UNIDADE 3: Aluga-se apartamento.

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
• Describir casas, mobiliario e accesorios de decoración.	• Demostrativos	• Tipos de casa.	• Letra a.	• Como se escribe o enderezo nunha carta.
• Localizar.	• Preposicións + demostrativos.	• Mobiliario e decoración.	• Acentuación gráfica: palabras graves.	• Coñecer Lisboa: os seus barrios.
• Facer comparacións.	• Locucións de lugar.	• Cidade.		
• Comprender anuncios de vivendas.	• Presente de indicativo dos verbos irregulares.	• Números (60-2.000.000)		
• Intercambiar informacións sobre áreas, medidas e prezos.	• Comparativos.	• Medidas.		
	• Haber + indefinidos.	• Prezos.		
	• Tudo vs todo.	• Anuncios de vivendas.		

## UNIDADE 4: A tempo e horas.

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"><li>• Concordar/discordar.</li><li>• Marcar encontros.</li><li>• Intercambiar información sobre horarios.</li><li>• Falar de rutinas.</li><li>• Facer planos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Futuro: ir + infinitivo.</li><li>• Preposicións de tempo.</li><li>• Verbos reflexivos.</li><li>• Colocación dos pronomes.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Rutinas persoais, domésticas e profesionais.</li><li>• Profesións.</li><li>• Tempo libre.</li><li>• Expresións de frecuencia.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Letra e.</li><li>• Verbos: vir, ver, ler e ter.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Convidar e responder a convites.</li><li>• Horarios públicos en Portugal.</li><li>• Festivos e festividades en Portugal.</li></ul>

### Terceiro trimestre

**Temporalización: Son 11 sesións, sendo 5 sesións para cada unidade didáctica. A sesión restante será utilizada para facer unha revisión dos contidos máis importantes vistos no trimestre.**

## UNIDADE 5: Tive umas férias de sonho!

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"><li>• Falar de experiencias no pasado.</li><li>• Falar sobre vacacións e desprazamentos.</li><li>• Intercambiar información para obter servizos.</li><li>• Comprender un folleto turístico.</li><li>• Reservar unha viaxe.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Pretérito perfecto simple de indicativo.</li><li>• Expresións de tempo.</li><li>• Preposicións de movemento.</li><li>• Adxectivos e adverbios: superlativo absoluto sintético e superlativo relativo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Vacacións (destinos, aloxamento, transportes e actividades).</li><li>• Na billeteira.</li><li>• Na axencia de viaxes.</li><li>• Na equipaxe.</li><li>• No hotel.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Letra o.</li><li>• Ditongos orais.</li><li>• Ditongos e vogais nasais.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Expresar entusiasmo, indignación e irritación.</li><li>• Coñecer Portugal.</li></ul>



## UNIDADE 6: Como se tem sentido ultimamente?

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"><li>• Intercambiar información sobre o estado de saúde.</li><li>• Describir síntomas.</li><li>• Comprender informacións sobre establecementos de saúde.</li><li>• Comprender instrucións sobre medicamentos</li><li>• Obter tratamento nunha consulta.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Verbo <i>doer</i>.</li><li>• Há / desde quando.</li><li>• Pronomes de complemento directo e indirecto.</li><li>• Pretérito perfecto composto de indicativo.</li><li>• Expresións de tempo.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Síntomas.</li><li>• Corpo humano.</li><li>• Establecementos e servizos de saúde.</li><li>• Especialidades médicas.</li><li>• Diagnósticos e tratamentos.</li><li>• Exames médicos.</li><li>• No médico.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Letras <i>j</i> e <i>g</i>.</li><li>• Acentuación gráfica: palabras agudas.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ofrecer axuda, aceptar e rexeitar.</li><li>• Liñas de emerxencia.</li><li>• Servicio Nacional de Saúde.</li><li>• Farmacias.</li></ul>

### • Concrecións metodolóxicas.

O achegamento ao portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Con todo, cómpre ter en conta que partimos de que se trata dun proceso no que o profesorado vai actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas ao nivel.

Integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.

- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.

- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

Empregaremos os seguintes materiais e recursos didácticos:

- Deixaráselles en conserxería fotocopias do libro de texto *Entre nós 1 Método de Português para Hispanofalantes* da autoría de **Ana Cristina Dias** da Editorial "Lidel" por ser un método que contempla os niveis A1/A2 do *Cadro Europeo Común de Referencia para as Linguas*

(CECRL) e que ten como obxectivo preparar ao alumno para actuar nas situacións de comunicación que se contemplan nas metas definidas para estes niveis. Ademais, incide naqueles aspectos que provocan maiores dificultades para os nosos alumnos, que teñen maioritariamente o castelán como lingua vehicular.

- Material que terán dispoñible na aula virtual como reforzo e ampliación dos diferentes contidos.

2- Materiais de audio (CD) para potenciar a comprensión de textos orais.

3- Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión oral. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen lendas.

4- Filmes portugueses adaptados aos diferentes niveis.

5- Textos de diferente tipoloxía (literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís... ;xornalísticos; etc).

- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

Desde a materia de Portugués vaise contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave, pero de xeito decisivo ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística (CCL)**, xa que na finalidade primordial da materia está empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, aspecto fundamental do contido da nosa materia. Desta maneira a CCL vaise traballar, desenvolver e adquirir en cada un dos cinco bloques de contidos e está relacionada con absolutamente todos os estándares de aprendizaxe. En canto ao resto das Competencias clave, concretamos a continuación cada unha delas:

🕒 **Competencia para aprender a aprender (CCA).** Igual ca a CCL vaise traballar e desenvolver con cada un dos contidos e ten relación con todos e cada un dos estándares de aprendizaxe desta materia. Concretarase en actividades como:

- Exposición e reflexión arredor de tarefas académicas.

- Autocorrección de exercicios de diferente natureza, incidindo especialmente naqueles que potencien a oralidade e a escrita.

- Capacidade de autoavaliación.

🕒 **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).**

🕒 **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).** Pensamos que esta competencia vai quedar sobradamente adquirida coa programación de actividades nas que se traballan desde os países da lusofonía e as súas particularidades culturais ata as características de cada unha das rexións de Portugal. Ademais disto, realizamos:

- Proxeccións de vídeos e filmes relacionados cos diferentes aspectos da cultura lusófona .
- Actividades arredor da música producida nos diferentes países da lusofonía en diferentes estilos

### 🕒 **Competencia dixital (CD).**

- Uso de dicionarios dixitais e correctores dixitais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos dixitais
- Busca de información na rede sobre diferentes contidos da materia
- Xogos de gramática e léxico dixitais
- Exercicios de audición a través da rede

## • **Avaliación**

### **5.1. Avaliación inicial**

Dado que o alumnado que comeza 1º BAC este ano, tal e como xa indicamos arriba, nunca tiña estudado esta lingua, a avaliación inicial que fixemos foi só unha primeira aproximación ao portugués desde o punto de vista escrito e oral. Avaliamos non só a capacidade do alumnado, para ver como, a partir do galego, comprendían o portugués. Tamén comprobamos as destrezas lingüísticas que traían adquiridas, a capacidade de expresión a nivel global, a limpeza dos textos, a caligrafía...

### **5.2. Avaliación Continua**

5.2.1.- Criterios de avaliación.

B1.1.- Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.

B1.2.- Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B1.3.- Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi a modo e con moita claridade.

B1.4.- Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

B2.1.- Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.

B2.2.- Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.

B2.3.- Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.

B2.4.- Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

B3.1.- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

B3.2.- Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.

B3.3.- Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.

B3.4.- Comprender textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens e servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.

B4.1.- Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.

B4.2.- Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.

B4.3.- Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.

B4.4.- Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

B5.1.- Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.

B5.2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.

B5.3.- Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

B5.4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5.- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B5.6.- Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

### 5.3.- Concreción de mínimos esixibles

Dado que, tal e como dixemos na introdución, o alumnado galego non presenta grandes problemas para a comprensión do portugués, consideramos que o conxunto dos estándares de aprendizaxe son todos os **mínimos esixibles** para superar a materia.

En canto ás **competencias básicas**, en todos os bloques de contidos nos que se organizan os estándares cómpre traballar as seguintes competencias que, polo tanto, van ser avaliadas:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia en aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Descríbimos a continuación os mínimos esixibles a través da presentación dos propios estándares de aprendizaxe.

#### 5.3.1.- Estándares de aprendizaxe

##### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

SLEB1.1.- Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.

SLEB1.2.- Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.

SLEB1.3.- Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.

SLEB1.4.- Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a

escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.

## **Bloque 2. Producción de textos orais**

SLEB2.1.- Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

SLEB2.2.- Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.

SLEB2.3.- Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.

SLEB2.4.- Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.

SLEB2.5.- Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

## **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1.- Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.

SLEB3.2.- Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.

SLEB3.3.- Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.

SLEB3.4.- Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.

## **Bloque 4. Producción de textos escritos**

SLEB4.1.- Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.

SLEB4.2.- Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.

SLEB4.3.- Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.

SLEB4.4.- Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.

## **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1.- Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2.- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.

SLEB5.3.- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

SLEB5.4.- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5.- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.

## CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS

- Expresión de relacións lóxicas: adición (*e, nem, e também*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición/contraste (*mas*); causa (*porque; por isso*); finalidade (*para + Inf.*); comparación (*mais/menos/ tão + Adj./Adv. + (do) que/ como /quanto; maior / mais pequeno...*); superlativo absoluto (*-íssimo, -lmo*).
- Relacións temporais (*antes, agora, depois; em seguida, logo*).
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; proforma (p. ex. *eu também; certamente*)).
- Exclamación (formas elípticas: *Que (+ Subst.) + Adx.*, p. ex. *Que día lindo!; Que gentil!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Está bom!*).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *não, nunca; nada, nemhum(a), ninguém*).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *Quem fez o quê? Para que é isso?*); interrogativas tags (p. ex., *Queres ir ao cinema, não queres?*)).
- Expresión do tempo: pasado (*pretérito perfeito simples e composto, imperfeito*); presente (*presente*); futuro (*ir + Inf., presente do indicativo + Adv.; haver-de*)...
- Expresión do aspecto: puntual (tempos simples); durativo (*estar a + Inf., presente, pretérito imperfeito e pretérito perfeito composto do indicativo; continuar + Ger.*); habitual (*tempos simples + Adv.*), p. ex. *No verão está calor*).
- Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); permiso (poder + Inf.; ser possível/ permitido + Inf.), intención (*pensar + Inf.; querer de /ter de + Inf.*, pretérito imperfeito gostar de + Inf.), capacidade (*é capaz de + Inf.; saber*); posibilidade/probabilidade (*poder; dever; ser possível / impossível + Inf.; talvez*); obrigación (imperativo).
- Expresión da existencia (p. ex., *ser, estar, haver/ter*); a entidade (substantivos contables/incontables/colectivos/compostos; pronomes (relativos, reflexivos átonos/tónicos); determinantes); a calidade (*-íssimo, -lmo; muito raro; melhor*).
- Expresión da cantidade: (singular/plural; numerais cardinais e ordinais); indefinida, absoluta (p. ex. *todo, maioria, ambos, nenhum...*) ou relativa (p. ex. *muito; tão; um pouco*).
- Expresión do tempo (expresións, preposicións e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *são quinze para as três; em 1999*), divisións (p. ex., días, meses; século; estación) e indicacións (p. ex., *atrás, cedo, tarde*) de tempo; duración (p. ex., *de/desde...a; durante*); anterioridade (*ainda; ontem*); posterioridade (*depois, logo, próxima segunda-feira*); secuencia (*primeiro, depois, finalmente*); simultaneidade (*ao mesmo tempo*); frecuencia (p. ex., *geralmente; usualmente*)).

## 5.4.- Instrumentos e procedementos de cualificación

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán nos seguintes procedementos e instrumentos de cualificación:

### 1- Comprensión de textos orais (30%)

Avaliada con probas escritas. O alumno ou alumna oirá dúas veces dous textos nos que terá que descubrir datos, cubrir espazos en branco, escoller afirmacións verdadeiras e falsas (incluíndo as solucións correctas) ou resolver unha audición con escolla múltiple.

### 2- Producción de textos orais (10%)

A produción oral precisa duns coñecementos e unha práctica previa por parte do alumnado, polo tanto será preciso que os/as alumnos/as se familiaricen coa lingua portuguesa para que se solten a falar. Por esta razón, a valoración deste apartado en 1º de bacharelato ten pouco peso na cualificación final. Será avaliada progresivamente coa observación directa na aula.

### 3- Comprensión de textos escritos (20%)

Avaliada con probas escritas. Partindo dun texto escrito, ao alumnado formularánselle cuestións de comprensión do mesmo e de significado dalgunhas palabras ou expresións elixidas que versarán sobre campos semánticos traballados no curso.

### 4- Producción de textos escritos (30%)

Avaliada con probas escritas. O alumno terá de redactar un pequeno diálogo (nun restaurante, nun hotel, nun café, nunha librería, nun encontro casual na rúa...) e outra redacción máis extensa que versará sobre un tema traballado nas aulas. Tamén pode conter preguntas concretas sobre os diferentes contidos.

### 5- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe (10%)

Avaliada coa observación directa na aula.

#### 5.4.1.- Avaliación final e extraordinaria

Debido a que a avaliación desta materia é continua e progresiva a nota final vaise calcular tendo en conta todos os instrumentos descritos arriba. Aínda que na terceira avaliación sempre se van incluír todos os contidos das anteriores, cada avaliación ten o seu propio peso, así que a **nota final** vai ser unha media das tres avaliacións sempre que na terceira a nota sexa máis baixa ca nas outras dúas. Se a terceira avaliación a nota é superior quedará como cualificación final a nota desta avaliación.

Só se contempla a realización dunha **avaliación final** a aquel alumnado que por causas xustificadas non puidese seguir o normal desenvolvemento das aulas durante o curso. Para iso deseñárase unha proba escrita específica:

a) Dúas cuestións que valorarán a Comprensión Oral (3 puntos). O alumno ou alumna oirá dúas veces dous textos escollidos de escoitas realizadas ao longo do curso nas que terá que descubrir datos, cubrir espazos en branco, elixir respostas de escolla múltiple ou resolver afirmacións verdadeiras e falsas nas que haberá que descubrir os datos correctos.

b) Tres cuestións que cualificarán a competencia léxica e a comprensión escrita (3 puntos). Partindo dun texto escrito, ao alumnado formularánselle dúas cuestións de comprensión do mesmo e unha de significado dalgunhas palabras ou expresións elixidas que versarán sobre campos semánticos traballados no curso.

c) Tres cuestións que verificarán a competencia gramatical e a produción escrita (4 puntos). Unha pregunta de competencia gramatical e as outras dúas de produción escrita das que



haberá unha na que o alumno terá de redactar un pequeno diálogo (nun restaurante, nun hotel, nun café, nunha librería, nun encontro casual na rúa...) e outra máis extensa (sobre 10 liñas) que versará sobre un tema traballado nas aulas.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá demostrar que acadou todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

A **avaliación extraordinaria** de setembro contará co mesmo tipo de proba ca a da avaliación final que vimos de describir onde o alumnado terá que demostrar que conseguiu superar todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

## 6- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### 6.1.- Indicadores de logro do proceso de ensino

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación do Labor Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo.

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo.
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo.
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte do profesor e práctica.
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras.
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais.
7. As actividades TIC resultaron motivadoras.
8. O emprego de música e de vídeos musicais axudou no proceso de aprendizaxe.
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe.
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe.
11. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.

## 6.2.- Indicadores de logro do proceso da práctica docente

1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Ten en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento da materia.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado
5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns.
9. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...).
10. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
11. Amona predisposición para aclarar dúbidas dentro e fóra das clases.
12. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas.
13. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
14. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
15. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
16. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
17. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
18. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
19. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
20. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
21. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
22. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
23. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
24. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
25. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
26. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.

27. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

### **6.3.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**

A programación didáctica vai ser revisada segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

## **2º DE BACHARELATO**

Este é o primeiro ano que impartimos Lingua Portuguesa como primeira lingua en 2º de Bacharelato. O dominio de linguas estranxeiras, que nos posibilita comprender mellor a nosa propia lingua, implica a posibilidade de acceder a outras culturas, ao tempo que fomenta as relacións interprofesionais e o respecto por outros países, falantes e culturas. O proceso de ensinanza e aprendizaxe da lingua portuguesa contribuirá, ademais, á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade.

A aprendizaxe de Portugués como primeira lingua estranxeira no bacharelato é moi importante para o alumnado galego porque lle permite un achegamento doado a outra lingua moi próxima á galega tanto desde o punto de vista xeográfico como lingüístico. Dunha banda, supón a prolongación e consolidación do coñecido e, doutra, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses académicos e profesionais que guiarán o futuro laboral do alumno ou alumna. Vivimos unha época na que se valoran moito os coñecementos e dominio de linguas estranxeiras, porque axudan de cara a unha máis fácil mobilidade a nivel profesional.

Este ano, hai alumnado de segundo de bacharelato que escolle portugués como primeira lingua despois de ter cursado portugués en 1º de bacharelato. Desta maneira, o obxectivo será avanzar partindo dos contidos vistos en 1º de Bacharelato até aproximar-nos a un nivel B1.

### ▪ **Obxectivos.**

#### ○ **Contribución da materia aos obxectivos xerais do Bacharelato.**

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

o) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

p) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

q) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia.

- **Obxectivos específicos da materia.**

a) Utilizar a lingua portuguesa de forma oral e escrita, co fin de comunicarse con fluidez e corrección.

b) Comprender e interpretar textos orais e escritos emitidos nas distintas situacións de comunicación.

c) Ler con fluidez textos de temática xeral ou adecuados aos intereses dos alumnos, comprender os elementos esenciais e captar a súa función e organización discursiva.

d) Reflexionar sobre o funcionamento da lingua portuguesa na comunicación, co fin de mellorar as producións propias e comprender as alleas.

e) Reflexionar sobre o propio proceso de aprendizaxe, utilizando recursos autónomos, baseados na observación, corrección e avaliación, co fin de coñecer o estado da aprendizaxe e de continuar no futuro co estudo desta lingua.

f) Reflexionar sobre o funcionamento das linguas, establecendo paralelismos e contrastes entre as linguas coñecidas e o portugués.

g) Apreciar o valor da lingua portuguesa como medio para acceder a outros coñecementos e a outras culturas.

h) Coñecer os aspectos fundamentais do medio sociocultural da lingua portuguesa, co fin de acadar unha mellor comunicación e unha mellor interpretación das diferentes culturas.

i) Reflexionar sobre os parecidos e as diferencias entre as diversas culturas e desenvolver o respecto por elas, na procura dunha maior tolerancia entre os pobos.

- **Contidos e temporalización das unidades didácticas.**

A presente programación atende á Orde do 25 de xuño de 2020 de calendario escolar e á Resolución do 1 de setembro de 2020 de incorporación gradual dos discentes. A temporalización farase por semanas lectivas. O total de sesións lectivas de cada trimestre é variábel de 11 sesións a 7 nos diferentes niveis de bacharelato. É necesario referir que o modelo semipresencial exixirá sempre unha maior carga de traballos para casa e maior disciplina dos discentes na súa autoaprendizaxe que os modelos convencionais dos IES.

## Primeiro trimestre

Temporalización: Son 10 sesións, sendo 5 sesións para cada unidade didáctica.

### UNIDADE 1: Podíamos dar um passeio

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"><li>Comprender previsións meteorolóxica e falar sobre o estado do tempo.</li><li>Consultar axenda cultural.</li><li>Facer planos, dar consellos e suxestións.</li><li>Expresar preferencias e desexos.</li><li>Falar de hábitos no pasado</li><li>Falar sobre o meu tempo libre</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Pretérito imperfecto do Indicativo.</li><li>Expresións de tempo.</li><li>Contraste Pretérito perfecto simples / Pretérito imperfecto.</li><li>Preposición com + pronomes.</li><li>Contraste: enquanto, entretanto e quando</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Tempo meteorolóxico.</li><li>Tempo libre.</li><li>Deportes.</li><li>Espectáculos.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Letra b e v</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Tempo libre dos portugueses.</li><li>Música portuguesa</li></ul>

### UNIDADE 2: Admite-se tradutor

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"><li>Falar por teléfono.</li><li>Dar e pedir información sobre anuncios de emprego.</li><li>Dar e pedir orientación para me orientar.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Imperativo.</li><li>Pronomes de complemento directo: casos particulares.</li><li>Preposicións + pronomes.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Anuncios de emprego.</li><li>Orientacións.</li><li>Profesións.</li><li>Competencias</li><li>Entrevistas.</li><li>Currículos</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Son [s]: letras s, c, ss, x e ç.</li><li>Son [k]: letras c e q.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>Currículo Europass.</li><li>Competencias académicas, sociais e profesionais.</li></ul>

- Dar ordes e instrucións.
- Falar das miñas competencias.
- Preparar e facer unha entrevista de traballo.

## Segundo trimestre

**Temporalización: Son 9 sesións, sendo 4 sesións para cada unidade didáctica. A sesión restante será utilizada para facer unha revisión dos contidos máis importantes vistos no trimestre.**

### UNIDADE 3: É para oferta?

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Agradecer.</li> <li>• Dar e pedir suxestións, instrucións e consellos.</li> <li>• Dar ordes.</li> <li>• Describir obxectos, vestuario, calzado e accesorios.</li> <li>• Ler convites</li> <li>• Saber comunicar nunha tenda de roupa ou perruquería</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preposicións para e por.</li> <li>• Pronomes relativos invariables.</li> <li>• Contracción dos pronomes de complemento directo e indirecto.</li> <li>• Imperativo (2).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Establecemento comerciais.</li> <li>• Vestuario e accesorios.</li> <li>• Formas, materiais, tamaños e patróns.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Som [z]: letras s, z e x.</li> <li>• Contraste entre os sons [s] e [z].</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Agradecementos.</li> <li>• Interacción nas tendas.</li> <li>• Agasallos e tradicións.</li> <li>• O Euro</li> </ul>

### UNIDADE 4: Traga-me a ementa, por favor.

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Facer pedidos, dar instrucións e suxestións.</li> <li>• Falar sobre</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presente do Conxuntivo.</li> <li>• Se calhar vs. talvez.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Compras.</li> <li>• Receitas.</li> <li>• Ementas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Son [j]: letras ch, s, z e x.</li> <li>• Dígrafos nh e lh.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Brindes.</li> <li>• Comidas e tradicións.</li> </ul>



- gostos e preferencias.
- Dar e pedir opinión.
- Seguir as instrucións de receitas.
- Reservar unha mesa nun restaurante.
- Simular un xantar nun restaurante
- Construcións impersoais + que.
- Verbos de opinión, sentimento e dúbida en oracións completivas.
- Comidas e bebidas.
- Tipos de restaurantes
- Gastronomía portuguesa.

### Terceiro trimestre

**Temporalización: Son 7 sesións, sendo 3 sesións para cada unidade didáctica. A sesión restante será utilizada para facer unha revisión dos contidos máis importantes vistos no trimestre.**

### UNIDADE 5: Bem-vindo!

- | Obxectivos comunicativos  | Competencia gramatical  | Competencia lexical  | Competencias fonolóxica e ortográfica  | Competencia sociocultural   |
|---|---|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar de min e coñecer os meus compañeiros.</li> <li>• Dar consellos e suxestións.</li> <li>• Describir cursos e profesores.</li> <li>• Falar dos meus obxectivos, das miñas preferencias e das miñas dificultades.</li> <li>• Debater estratexias de estudo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Infinitivo persoal.</li> <li>• Presente do conxuntivo</li> <li>• Oracións concesivas: por muito que.../ quem quer que... + presente do conxuntivo</li> <li>• Revisións.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Identificación persoal.</li> <li>• Cursos de linguas.</li> <li>• Características persoais.</li> <li>• Competencias profesionais.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Palabras homófonas.</li> <li>• Acentuación (diferenzas entre o portugués e o español).</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>• Falsos amigos.</li> <li>• Lingua portuguesa</li> </ul> |

- Elaborar o meu plan de estudos

### UNIDADE 6: A praxe é dura, mas é praxe!

Obxectivos comunicativos	Competencia gramatical	Competencia lexical	Competencias fonolóxica e ortográfica	Competencia sociocultural
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Falar no futuro.</li> <li>• Formular hipóteses.</li> <li>• Comentar opcións vocacionais e falar sobre o mercado de traballo.</li> <li>• Ler e analizar correspondencia (cartas de candidatura)</li> <li>• Comprender unha exposición oral sobre o sistema educativo.</li> <li>• Preparar e facer unha presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Futuro do conxuntivo.</li> <li>• Condicionais: se + indicativo</li> <li>• se + futuro do conxuntivo</li> <li>• Presente vs imperfecto do conxuntivo</li> <li>• Conxuncións e locucións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Mundo académico.</li> <li>• Mercado de traballo.</li> <li>• Correspondencia empresarial.</li> <li>• Xerga estudantil.</li> <li>• Expresións idiomáticas.</li> <li>• Expresións usadas en presentacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contraste entre os sons [s] e [z].</li> <li>• Ligazón fonética entre palabras.</li> <li>• Ortografía: son [z]</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Tradicións académicas</li> <li>• Queima das Fitas de Coimbra</li> </ul>

- **Concrecións metodolóxicas.**

O achegamento ao portugués para o alumnado galego require unhas concrecións metodolóxicas moi específicas e que se deben ir adaptando a cada grupo-aula. Con todo, cómpre ter en conta que partimos de que se trata dun proceso no que o profesorado vai

actuar como guía e mediador para facilitar a construción da aprendizaxe das competencias comunicativas esenciais en portugués adaptadas ao nivel.

Integraremos na práctica da aula todos os procedementos para traballar as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir), así como todos os bloques de contidos, tendo en conta que sempre se tenderá a:

- Fomentar a participación e reflexión sobre o proceso de aprendizaxe, tanto individual como grupal.
- Comprobar a aprendizaxe noutros contextos diferentes ao utilizado na aula.
- Relacionar os saberes aprendidos nas diferentes materias.

Empregaremos os seguintes materiais e recursos didácticos:

- Deixaránselles en conserxería fotocopias do libro de texto *Entre nós 1 Método de Português para Hispanofalantes* da autoría de **Ana Cristina Dias** da Editorial “Lidel” e *Entre nós 2 Método de Português para Hispanofalantes* da autoría de **Ana Cristina Dias** da Editorial “Lidel” por serem métodos que contemplan os niveis A1/A2 e B1 respectivamente do *Cadro Europeo Común de Referencia para as Linguas (CECRL)* e que ten como obxectivo preparar ao alumno para actuar nas situacións de comunicación que se contemplan nas metas definidas para estes niveis. Ademais, incide naqueles aspectos que provocan maiores dificultades para os nosos alumnos, que teñen maioritariamente o castelán como lingua vehicular.
- Material que terán dispoñible na aula virtual como reforzo e ampliación dos diferentes contidos:
  - Materiais de audio (CD) para potenciar a comprensión de textos orais.
  - Materiais audiovisuais (vídeos) para potenciar a comprensión oral. Tamén a comprensión escrita cando os vídeos teñen lendas.
  - Filmes portugueses adaptados aos diferentes niveis.
  - Textos de diferente tipoloxía (literarios: contos, fragmentos de obras clásicas, textos xuvenís... ;xornalísticos; etc).
- **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**

Desde a materia de Portugués vaise contribuír ao desenvolvemento de todas as competencias clave, pero de xeito decisivo ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística (CCL)**, xa que na finalidade primordial da materia está empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural, aspecto fundamental do contido da nosa materia. Desta maneira a CCL vaise traballar, desenvolver e adquirir en cada un dos cinco bloques de contidos e está relacionada con

absolutamente todos os estándares de aprendizaxe. En canto ao resto das Competencias clave, concretamos a continuación cada unha delas:

🕒 **Competencia para aprender a aprender (CCA).** Igual que a a CCL vaise traballar e desenvolver con cada un dos contidos e ten relación con todos e cada un dos estándares de aprendizaxe desta materia. Concretarase en actividades como:

- Exposición e reflexión arredor de tarefas académicas.
- Autocorrección de exercicios de diferente natureza, incidindo especialmente naqueles que potencien a oralidade e a escrita.
- Capacidade de autoavaliación.

🕒 **Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE).**

🕒 **Competencia para a conciencia e as expresións culturais (CCEC).** Pensamos que esta competencia vai quedar sobradamente adquirida coa programación de actividades nas que se traballan desde os países da lusofonía e as súas particularidades culturais ata as características de cada unha das rexións de Portugal. Ademais disto, realizamos:

- Proxeccións de vídeos e filmes relacionados cos diferentes aspectos da cultura lusófona.
- Actividades arredor da música producida nos diferentes países da lusofonía en diferentes estilos.

🕒 **Competencia dixital (CD).**

- Uso de dicionarios dixitais e correctores dixitais
- Uso de xornais dixitais
- Produción de textos dixitais
- Busca de información na rede sobre diferentes contidos da materia
- Xogos de gramática e léxico dixitais
- Exercicios de audición a través da rede

## • **Avaliación**

### **5.1. Avaliación inicial**

Dado que o alumnado que comeza 2º BAC este ano, tal e como xa indicamos arriba, xa cursou previamente esta lingua en 1º BAC, a avaliación inicial permite coñecer o punto de partida en que está o alumnado a respecto da lingua portuguesa, mais tamén as destrezas lingüísticas que traen adquiridas, a capacidade de expresión a nivel global, a limpeza dos textos, a caligrafía...

### **5.2. Avaliación Continua**

5.2.1.- Criterios de avaliación.

B1.1.- Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.

B1.2.- Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten os aspectos concretos ou abstractos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou laboral, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

B1.3.- Comprender o esencial e a información relevante en situacións comúns, aínda que poidan necesitar unha xestión ou transacción menos habitual (explicacións a unha reclamación, cancelación dun servizo, etc.) que impliquen a solicitude de datos, realización de accións, formas de pagamento, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.

B1.4.- Comprender o esencial en conversas sinxelas, sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativas a temas frecuentes do ámbito persoal ou público, suposicións e hipóteses, sensacións e a sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.

B1.5.- Comprender o sentido xeral e información esencial en presentacións ben estruturadas sobre temas coñecidos e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios e películas, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.

B2.1.- Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais breves ou de lonxitude media, aínda que poidan producirse pausas, vacilacións ocasionais ou reformulacións do que se quere expresar en situacións menos habituais ou en intervencións máis longas.

B2.2.- Interactuar, en situacións reais ou simuladas, con eficacia suficiente para narrar e describir experiencias, acontecementos, sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e plans ou proxectos; e intercambiar información pouco complexa, pedir e dar indicacións ou instrucións sinxelas con certo de talle, xustificar brevemente opinións e puntos de vista; formular hipóteses e facer suxestións, e expresarse sobre temas algo abstractos como películas, música, libros, etc.

B2.3.- Intercambiar de xeito sinxelo pero eficaz, con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, menús alternativos, accidentes, etc.), así como a expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.

B2.4.- Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.

B2.5.- Participar en situacións de comunicación formais que impliquen intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar axuda da persoa interlocutora, e sendo quen de intercambiar información e opinións, dar instrucións, xustificar brevemente os motivos de acción e plans, e argumentar de xeito sinxelo pero eficaz.

B3.1.- Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.

B3.2.- Seguir instrucións e consignas básicas de carácter público, institucional ou corporativo.

B3.3.- Comprender información relevante e previsible en textos do seu interese, descritivos ou narrativos, de certa lonxitude e ben estruturados, nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións, crenzas ou valores con expresións sinxelas.

B3.4.- Comprender en textos formais un repertorio básico de expresións fixas para rexeitar (agradecendo ou xustificando), acceder (con reservas ou condicións); expresar posibilidade, imposibilidade ou obriga de facer algo; conceder ou denegar (con ou sen obxeccións); aconsellar, recomendar ou animar a facer algo.

B3.5.- Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, tanto de carácter xeral como máis específico.

B4.1.- Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.

B4.2.- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.

B4.3.- Escribir mensaxes breves, en calquera soporte, con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, destacando os aspectos que resulten importantes ou do seu interese para o tema que se trate.

B4.4.- Producir correspondencia formal básica para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.

B4.5.- Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral como máis específico dentro da área de especialización ou de interese.

B5.1.- Expresarse de xeito claro e comprensible e coa suficiente fluidez para facerse entender, aínda que poidan producirse pausas e mesmo se as persoas interlocutoras poden necesitar repeticións cando se trata de palabras e estruturas pouco frecuentes, en cuxa articulación, poden cometerse erros que non interrompan a comunicación.

B5.2.- Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato máis frecuentes con razoable corrección de modo que se comprenda a mensaxe, aínda que pode darse algunha influencia da primeira ou doutras linguas; e saber manexar os recursos básicos de

procesamento de textos para corrigir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet.

B5.3.- Utilizar, para a comprensión e produción de textos orais e escritos, os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno socioeconómico, relacións interpersoais (xeracionais ou nos ámbitos educativo, ocupacional e institucional) e convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender e expresar adecuadamente información e ideas presentes nos textos.

B5.4.- Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.

B5.5.- Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

B5.6.- Distinguir e levar a cabo as funcións requiridas polo propósito comunicativo e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos habituais para iniciar e concluir o texto adecuadamente, organizar a información de xeito claro, ampliála com exemplos ou resumíla.

B5.7.-Coñecer e utilizar o léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

### **5.3.- Concreción de mínimos esixibles**

Dado que, tal e como dixemos na introdución, o alumnado galego non presenta grandes problemas para a comprensión do portugués, consideramos que o conxunto dos estándares de aprendizaxe son todos os **mínimos esixibles** para superar a materia.

En canto ás **competencias básicas**, en todos os bloques de contidos nos que se organizan os estándares cómpre traballar as seguintes competencias que, polo tanto, van ser avaliadas:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL)
- Competencia en aprender a aprender (CAA)
- Competencia dixital (CD)
- Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

Descríbimos a continuación os mínimos esixibles a través da presentación dos propios estándares de aprendizaxe.

#### **5.3.1.- Estándares de aprendizaxe**

##### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

SLEB1.1.- Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o

caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e inferindo o que non comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.

SLEB1.2.- Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.

SLEB1.3.- Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante e detalles sobre anuncios prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible (datos persoais, formación, gustos, intereses e expectativas ou plans de futuro), sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

SLEB1.4.- Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes e centros docentes), ou menos habituais pero referidas a necesidades inmediatas en situacións de comunicación comúns se pode pedir confirmación dalgúns detalles.

SLEB1.5.- Comprende, nunha conversa informal e sinxela na que participa, explicacións ou xustificacións básicas de puntos de vista e opinións, sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiás ou menos habituais, articulados de maneira clara, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas como a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade, se a persoa interlocutora está disposta repetir ou reformular o dito.

SLEB1.6.- Identifica, con apoio visual, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional, e os aspectos máis significativos de noticias de televisión claramente articuladas, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua e cando as imaxes faciliten a comprensión.

## **Bloque 2. Produción de textos orais**

SLEB2.1.- Participa activamente en intercambios comunicativos na aula, utilizando a maioría das veces a lingua estranxeira, producindo mensaxes adecuadas ás situacións de comunicación reais ou simuladas, e colaborando para entender e facerse entender.

SLEB2.2.- Fai presentacións breves, con certa fluidez, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.

SLEB2.3.- Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.

SLEB2.4.- Desenvólvese adecuadamente e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas e xestos apropiados para facerse entender, en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.

SLEB2.5.- Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo



os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

SLEB3.1.- Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, adecuados ao seu nivel escolar, sempre que poida reler as seccións difíciles.

SLEB3.2.- Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (organización de grupos de traballo, información sobre actividades de formación específicas, etc.).

SLEB3.3.- Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural).

SLEB3.4.- Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as súas relacións, e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.

SLEB3.5.- Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos; nas que se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

SLEB3.6.- Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro).

SLEB3.7.- Entende información específica importante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.

### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

SLEB4.1.- Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra, de xeito lineal e coherente, feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.

SLEB4.2.- Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.), cunha finalidade específica, como solicitar unha bolsa.

SLEB4.3.- Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén nas redes sociais.

SLEB4.4.- Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.

SLEB4.5.- Escribe, nun formato convencional, informes expositivos breves e sinxelos, atendendo á súa estrutura básica e particularidades sintáctico-discursivas elementais, nos que dá información esencial sobre un tema educativo, ocupacional ou menos habitual, describindo

brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións.

### **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**

SLEB5.1.- Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

SLEB5.2.- Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito, e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir, adecuando a súa produción ás convencións sociolingüísticas da lingua meta.

SLEB5.3.- Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.

SLEB5.4.- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

SLEB5.5.- Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, organizar unha tarefa, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar, suficientes para comunicar con eficacia.

### **CONTIDOS SINTÁCTICO-DISCURSIVOS**

- Expresión de relacións lóxicas: adición (*não só...como também; não só... também; além disso; nem sequer*); disxunción (*ou, ou...ou*); oposición/concesión (*mas, mesmo assim, embora; porém, no entanto; apesar de*); causa (*por causa disso; por causa de; daí que; devido a; por consequência*); finalidade (*para + Inf.; para que, a fim de que*); comparación (*mais/menos/tão/tanto + Adj./Adv./Subst. + (do) que/como/quanto, como se; bastante menos cansado; muito mais raro; resultado (assim, portanto); resultado/correlação (tão...que, tanto...que)*).
- Expresión superlativo relativo (p. ex., *o rapaz mais distraído da turma*); superlativo absoluto (p. ex. -errimo);
- Expresión da condición (conectores: *se, sem, desde que...*; formas verbais: *futuro de indicativo e de conjuntivo, simples e composto, pretérito e pretérito-mais-que-perfeito composto do conjuntivo, condicional simples e composto*).
- Discurso indirecto (informacións, ofrecementos, suxestións e ordes) e indirecto libre.
- Afirmación (sentenzas declarativas afirmativas; deslocación de constituíntes).
- Negación (sentenzas declarativas negativas con *nem; não/nem... sequer; coisa nenhuma; apenas*).
- Exclamación (formas elípticas: *Que + Subst. + (tão) + Adj.*, p. ex. *Que dia tão lindo!*); sentenzas e sintagmas exclamativos, p. ex. *Ei, esta é a minha bicicleta!; Magnífica bolsa!*). Exclamación con inversión, p. ex. *Un amor, essa criança!*; sentenzas e sintagmas exclamativos, p.ex. *Puxa, está muito frio!; oxalá sejam felizes!*).
- Interrogación (sentenzas interrogativas directas totais; sentenzas interrogativas directas QU- (p. ex., *De quem é a culpa?*); interrogativas tag (p. ex., *Isto é fácil, não é?*); interrogativas eco e duplas). interrogativas enfáticas (p. ex. *Onde é que vive?*).
- Relacións temporais (*assim que, até que, apenas, mal + Conjuntivo*).
- Expresión do tempo: pasado (*pretérito imperfeito, perfeito simples e perfeito composto e pretérito mais-que-perfeito composto, gerúndio composto*); presente (*presente, gerúndio*); futuro (*futuro simple e composto; (+Adv.); haver-de*). Valores especiais: pasado (presente histórico,

- pretérito imperfecto, perfecto simple e perfecto compuesto e pretérito más-que-perfecto simple e compuesto); futuro (futuro imperfecto (+Adv.), futuro perfecto del indicativo e condicional).
- Expresión do aspecto: puntual (tempo simples); durativo (presente, futuro imperfecto e pretérito imperfecto del indicativo (+ Adv.); *andar a + Inf.*; *ir + Ger.*, ir / vir a + Inf.; sufijos de duración, p. ex. -ear, -ecer); habitual (tempo simples (+ Adv. costumar+ Inf.)); incoativo (*desatar a + Inf.*); iterativo (*pretérito imperfecto del indicativo*; *voltar a + Inf.*); terminativo (presente histórico, pretérito perfecto simple e compuesto, pretérito más-que-perfecto compuesto e futuro perfecto del indicativo; *vir de + Inf.*; chegar a + Inf.).
  - Expresión da modalidade: factualidade (frases declarativas); capacidade (*é capaz / incapaz de + Inf.*; *saber*, poder con; conseguir + Inf.); posibilidade/ probabilidade (*ser possível / impossível + Inf.*; *tal vez*; pode ser que + Conjuntivo., futuro imperfecto e perfecto); necesidade (ser preciso / necesario + Inf. PESSOAL (+ que + Conjuntivo.), precisar de + Inf.); obligación (*ser obrigatório + Inf.*; *imperativo*; ser obrigatório que + Conjuntivo); permiso (*poder + Inf.*; *ser possível/permitido + Inf.*); prohibición: (não) ser possível / permitido + Inf., ser prohibido que); intención (*pretérito imperfecto gostar de + Inf.*; *tratar de + Inf.*; *pensar + Inf.*; querer que + Conjuntivo.; ir / haver de + Inf.)
  - Expresión da existencia (p. ex., existir, dar-se faltar, acontecer); a entidade (*substantivos contables / incontables/colectivos/compostos*; pronomes (*relativos, reflexivos átonos/ tónicos*); determinantes; a calidade (*por exemplo, bastante bom; consideravelmente caro; ótimo*; azulado; útil para a dificuldade em dormir).
  - Expresión da cantidade (Singular/Plural; Numerais cardinais e ordinais. Cantidade: p. ex. *bastante, a maior parte de, mais ou menos*; ao menos 20 pessoas; perto de 30 km., duas veces no máximo; um monte de gente. Grao: p. ex. *consideravelmente; bastante bem*; totalmente; tão de repente).
  - Expresión do espazo (preposicións e adverbios de lugar, localización, distancia, movemento, orixe, dirección).
  - Expresión do tempo (expresións, preposición e locucións de tempo (momento puntual (p. ex., *meio-dia*, daqui a uma semana, daqui a nada), divisións (p. ex., *período, fim de semana, prazo, estação seca*) e indicacións de tempo (p. ex., *atrás, cedo*, a 13 días do evento); duración (p. ex., *até; entre... e*; por todo o día; no período natalício); anterioridade (*anteontem, já*, a última vez que, há bocado, fazia pouco); posterioridade (*mais tarde, na semana que vem*, dentro de alguns días, de hoje em diante, em breve); secuencia (*em primeiro lugar, depois, em último lugar*, para começar, seguidamente, em conclusão); simultaneidade (*naquele momento, no mesmo tempo que, atualmente*); frecuencia (p. ex., *cada semana*, uma vez por día, regularmente).
  - Expresión do modo (expresións, preposicións e locucións prepositivas e modo, p. ex. em excesso, ao gosto).

#### 5.4.- Instrumentos e procedementos de cualificación

O alumnado será cualificado en base aos criterios de avaliación que dita a lexislación e que se concretarán nos seguintes procedementos e instrumentos de cualificación:

##### 1- Comprensión de textos orais (20%)

Avaliada con probas escritas. O alumno ou alumna oirá dúas veces dous textos nos que terá que descubrir datos, cubrir espazos en branco, escoller afirmacións verdadeiras e falsas (incluíndo as solucións correctas) ou resolver unha audición con escolla múltiple.

##### 2- Producción de textos orais (20%)

A produción oral precisa duns coñecementos e unha práctica por parte do alumnado que será traballada nas aulas para que os/as alumnos/as se familiaricen coa lingua portuguesa e consigan falar de forma fluída. Será avaliada progresivamente coa observación directa na aula.

##### 3- Comprensión de textos escritos (20%)

Avaliada con probas escritas. Partindo dun texto escrito, ao alumnado formularánselle cuestións de comprensión do mesmo e de significado dalgunhas palabras ou expresións elixidas que versarán sobre campos semánticos traballados no curso.

#### **4- Produción de textos escritos (30%)**

Avaliada con probas escritas. O alumno terá de redactar un pequeno diálogo (nun restaurante, nun hotel, nun café, nunha librería, nun encontro casual na rúa...) e outra redacción máis extensa que versará sobre un tema traballado nas aulas. Tamén pode conter preguntas concretas sobre os diferentes contidos.

#### **5- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe (10%)**

Avaliada coa observación directa na aula.

##### **5.4.1.- Avaliación final e extraordinaria**

Debido a que a avaliación desta materia é continua e progresiva a nota final vaise calcular tendo en conta todos os instrumentos descritos arriba. Aínda que na terceira avaliación sempre se van incluír todos os contidos das anteriores, cada avaliación ten o seu propio peso, así que a **nota final** vai ser unha media das tres avaliacións sempre que na terceira a nota sexa máis baixa ca nas outras dúas. Se na terceira avaliación a nota é superior quedará como cualificación final a nota desta avaliación.

Só se contempla a realización dunha **avaliación final** a aquel alumnado que por causas xustificadas non puidese seguir o normal desenvolvemento das aulas durante o curso. Para iso deseñárase unha proba escrita específica:

- a) Dúas cuestións que valorarán a Comprensión Oral (3 puntos). O alumno ou alumna oirá dúas veces dous textos escollidos de escoitas realizadas ao longo do curso nas que terá que descubrir datos, cubrir espazos en branco, elixir respostas de escollo múltiple ou resolver afirmacións verdadeiras e falsas nas que haberá que descubrir os datos correctos.
- b) Tres cuestións que cualificarán a competencia léxica e a comprensión escrita (3 puntos). Partindo dun texto escrito, ao alumnado formularánselle dúas cuestións de comprensión do mesmo e unha de significado dalgunhas palabras ou expresións elixidas que versarán sobre campos semánticos traballados no curso.
- c) Tres cuestións que verificarán a competencia gramatical e a produción escrita (4 puntos). Unha pregunta de competencia gramatical e as outras dúas de produción escrita das que haberá unha na que o alumno terá de redactar un pequeno diálogo (nun restaurante, nun hotel, nun café, nunha librería, nun encontro casual na rúa...) e outra máis extensa (sobre 10 liñas) que versará sobre un tema traballado nas aulas.

Para acadar unha avaliación positiva o alumnado deberá demostrar que acadou todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

A **avaliación extraordinaria** de setembro contará co mesmo tipo de proba que a da avaliación final que vimos de describir onde o alumnado terá que demostrar que conseguiu superar todos os estándares que entran nos contidos mínimos.

## 6- AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

### 6.1.- Indicadores de logro do proceso de ensino

Os **INDICADORES DE LOGRO** mediranse do 1 ao 5 do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación do Labor Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo.

1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado.
2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso-grupo.
3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo.
4. Combinouse adecuadamente explicación por parte do profesor e práctica.
5. As actividades foron, en xeral, motivadoras.
6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais.
7. As actividades TIC resultaron motivadoras.
8. O emprego de música e de vídeos musicais axudou no proceso de aprendizaxe.
9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe.
10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe.
11. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos.

### 6.2.- Indicadores de logro do proceso da práctica docente

1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe.
2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro.
3. Ten en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento da materia.
4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado

5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado.
6. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
7. Establece, de xeito explícito, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns.
9. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...).
10. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos.
11. Amona predisposición para aclarar dúbidas dentro e fóra das clases.
12. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento das Unidades didácticas.
13. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe.
14. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
15. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
16. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
17. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información.
18. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado á avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave.
19. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
20. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
21. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa.
22. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...).
23. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
24. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades atopadas.
25. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado.
26. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
27. Promove a reflexión sobre os temas tratados.

### **6.3.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica**

A programación didáctica vai ser revisada segundo se vaian rematando as diferentes unidades didácticas, pero tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos atopar con determinados contidos que é preciso engadir ou eliminar segundo se vaian desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades pasarase a incluír actividades, tanto para potenciar a oralidade, a escrita, ou os contidos socioculturais que vexamos necesarios.

## ANEXO COVID

**No que se refire ao grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe**, viuse moi alterado o final do curso pasado debido á pandemia. Sen embargo, dadas as características da materia, todos os estándares de aprendizaxe foron abordados durante os dous primeiros trimestres e propuxéronse, durante o terceiro trimestre, actividades que tanto servían para reforzar os contidos xa dados como para amplialos e afondar nos contidos xa asimilados trala corrección pertinente.

Evidentemente, faltou tempo de práctica e de explotación deses contidos no marco da interacción que se dá normalmente na aula para que tódolos alumnos puideran asimilalos e interiorizalos. E tamén houbo alumnos que non se molestaron en facer e entregar tódalas tarefas propostas ou que as copiaron sen aprender delas.

Por iso, como a materia se caracteriza pola súa continuidade, xa que a aprendizaxe dunha lingua implica a reutilización constante das estruturas aprendidas, prevese un tempo no primeiro trimestre deste curso para **comprobar o grao de adquisición das competencias correspondentes ao curso anterior** e, no caso de detectalas, colmar posibles lagoas a medida que puidesen aparecer.

Tamén se prevé, ao retomar os **contidos morfosintácticos que no se puideron avaliar no curso anterior**, aínda que se explicaron e explotaron nas tarefas propostas no último trimestre do curso, incluílos na avaliación dos que correspondan ao presente curso, **dentro do proceso de avaliación continua**.

**En relación ás estratexias metodolóxicas**, haberá que prescindir de actividades que impliquen contacto físico ou desprazamento de persoas na aula (xogos de rol, traballos en grupo, etc.) e a manipulación de materiais (tarefas con tarxetas, intercambio de obxectos, xogos, etc.)

Tamén deberemos ter en conta as dificultades que poden xurdir debido ao **uso continuo da máscara**: dificultade para percibir os sons, ausencia da axuda que representa a vista do rostro do interlocutor para percibir mellor a palabra a través da visualización da articulación, tempos de ventás abertas con posible interferencia de ruídos procedentes da cidade, etc. Poderanse prever máis vídeos para escoitar como tarefa para a casa.

Outro elemento a ter en conta vai ser a lentitude na entrada e saída da aula, coa desinfección das mans e do espazo de traballo, que pode chegar a restar tempo de clase en cada unha das sesións.

**No caso de que a situación sanitaria faga necesario o cambio ao ensino semipresencial ou se se dan confinamentos parciais ou total**, as profesoras utilizarán tódolos recursos á súa disposición para proseguir coa actividade lectiva e manter o contacto co alumnado:

- **Clases virtuais** por medio de **Webex**

Na ESA, poderase traballar a través desta plataforma para remitir encomendas de tarefas, entregalas e devolvelas corrixidas

- **Aula virtual**

Estará dispoñible para tódolos alumnos e para todo tipo de intercambio de documentos, calquera que sexa a etapa educativa.

- **Correo electrónico** para asegurar o contacto permanente co alumnado
- **Comunicacións telefónicas** se fose necesario.

En caso de ensino non presencial, estará moi reforzado o uso das TIC no traballo desta materia pero verase reducido o tempo de presentación, explicación e explotación dos contidos, a interacción entre os membros da clase (dificultada polo uso dos micrófonos) e a observación por parte da profesora do traballo realizado e da maneira de levalo a cabo. Polo tanto, os alumnos deberán desenvolver a súa autonomía e implicarse máis profundamente na realización das tarefas.

A pesar das limitacións que nos puidera impoñer a situación sanitaria, traballaranse igualmente as catro destrezas básicas propoñendo o mesmo tipo de tarefas que no ensino presencial. De igual maneira que no



terceiro trimestre do curso 2019/2020, os alumnos deberan entregar non só exercicios morfosintácticos destinados a fixar os contidos lingüísticos presentados e explicados, senón tamén **tarefas de comprensión da escrita e de comprensión oral, e tarefas de expresión escrita e oral** (por medio de gravacións) nas que se lles invitará a contar as súas vivencias, e a expresar os seus gustos e opinións pero a través das que se solicitará tamén a súa imaxinación facéndolles vivir unhas situacións nas que deban asumir novas identidades, realizar novas actividades e presentar novas perspectivas.